



PROGRAMAS DE AXUDAS ÁS PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS [2026]

PROGRAMA IV. BONO PARA A REMUDA XERACIONAL

Incentivos para evitar o peche dos negocios por falta de remuda xeracional, ao tempo que facilita que as persoas interesadas en emprender teñan a posibilidade de recoller a testemuña dun negocio xa viable economicamente

Prazo aberto das 9:00 h
do **11 de febreiro** ata
as 20:00 horas do **30
de setembro de 2026**

Orzamento
1.500.000 €




Persoas beneficiarias

- » Persoas traballadoras autónomas, persoas profesionais dadas de alta no RETA ou calquera outro réxime por conta propia, persoas mutualistas e sociedades de calquera clase, incluídas as unipersonais e comunidades de bens, con domicilio fiscal en Galicia na data da solicitude, que asuman a transmisión dun negocio por xubilación, falecemento ou incapacidade da persoa titular, sempre que supoña a continuación da actividade.

No caso de presentar máis dunha solicitude só será válida a última, tendo a anterior por desistida salvo que xa estivese resolta favorablemente.



Intensidade da axuda



No caso de acceder á remuda mediante alugueiro do local e/ou dos medios produtivos, a axuda a percibir será a correspondente aos primeiros 18 meses do dito alugueiro.

O gasto deberá realizarse e pagarse entre o 1 de outubro de 2025 e o 30 de setembro de 2026.





PROGRAMA IV. BONO PARA A REMUDA XERACIONAL



Principais requisitos das persoas beneficiarias

Requisitos dos negocios de remuda

- » Debe ter o seu **domicilio social e fiscal** e o **centro de traballo** en Galicia e un **antigüidade mínima de 5 anos ininterrompidos** anteriores a esta convocatoria con actividade.
- » Non ter transcorrido máis de **12 meses** entre a **publicación desta axuda** e a **baixa no RETA (ou réxime correspondente)** e no **IAE** da persoa que traspasa o negocio.
- » Que se trate da **mesma actividade** que o negocio que se remuda e se desenvolva no **mesmo local**.
- » Que o negocio estea **inscrito na Bolsa de remuda da Rede de Polos de Emprendemento e Apoio ao Emprego**, salvo aqueles negocios que foran xa obxecto de remuda antes da publicación desta axuda.
- » Que a transmisión se **formalice mediante contrato** de traspaso ou de venda de negocio ou actividade elevado a escritura pública no que conste como **obxecto a remuda**, indicando **prezo total e detalle de elementos incluídos no traspaso**.
- » No caso de **transmisión de persoas autónomas societarias**, estas deben posuír, **con anterioridade á publicación** da Orde, **máis do 50 %** da porcentaxe de accións ou participacións da sociedade, e a **porcentaxe adquirida debe ser superior ao 50 %**.
- » Que se realice o **cambio de titularidade de actividade no concello correspondente**, ou de ser o caso, a **comunicación previa do inicio de actividade** ou da **apertura** de establecemento.
- » As persoas que remudan o negocio **non poden estar en ningunha situación de xubilación activa** cando se produza a remuda.

Acceso á ficha da sede electrónica



[Pulsa ou escanea]

Requisitos das persoas autónomas que transmiten o negocio

- » Poderán ser beneficiarias **as persoas traballadoras autónomas que transmitan o negocio** e sexan **identificadas como tal na solicitude** realizada pola persoa remudista, **quedando vinculadas ambas persoas** para a concesión da subvención. Para isto deben cumprir **algún** dos seguintes requisitos:
 - Ter unha **idade próxima a xubilación** (62 anos ou máis).
 - Ser declaradas en situación de **incapacidade total ou absoluta ou grande invalidez** polos órganos competentes.
 - Ser **herdeiras da persoa titular do negocio**, no caso de falecemento desta e **non tiveran transcorrido mais de 12 meses** dende o falecemento.
- » Se unha mesma persoa ou sociedade é **titular de varios negocios** que se remudan, só poderá adquirir a condición de beneficiaria **unha única vez**, e será para o primeiro ao que se lle recoñeza a axuda.



Principais obrigas das persoas e entidades beneficiarias

- » Manter a **alta** no RETA, mutualidade ou Rexistro Mercantil, e no IAE da localidade **durante os 36 meses** posteriores á data da escritura do contrato de remuda, **incluso nos casos de acceder á axuda mediante o alugueiro** do local e/ou medios produtivos.
- » Manter a **mesma actividade** económica durante **un mínimo de 12 meses** desde a data do contrato.
- » **Adoptar as medidas de difusión** para dar publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.
- » **Estar ao día** nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como **non ter ningunha débeda** coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

